

Resolución reitoral pola que se convoca o “Programa de prácticas académicas en iniciativas empresariais emerxentes promovidas pola Comunidade Universitaria e persoas tituladas pola UVigo” no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) Proxecto C23.I05, BDNS 757441

A Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade e as tres universidades galegas asinaron o 4 de abril de 2024 un convenio para realizar actuacións de difusión, promoción e apoio ao emprendemento na comunidade universitaria, integradas no programa anual de actividades do centro de orientación, emprendemento, acompañamento e innovación para o emprego da comunidade autónoma Galicia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia –financiado pola Unión Europea– NextGenerationUE, no marco das reformas para impulsar as políticas activas de emprego. Esta actuación ten como finalidade contribuir aos obxectivos marcados na Compoñente 23 “Novas políticas públicas para un mercado de traballo, dinámico, resiliente e inclusivo”, Investimento 5 (obxectivo CID 347) referido a “Gobernanza e Impulso ás políticas de apoio á activación para o emprego”, código BDNS 757441.

A finalidade das actuacións do convenio é difundir, promover, e fomentar a cultura emprendedora na comunidade universitaria, en concreto dentro das actividades previstas nos obxectivos “apoyo de ideas emprendedoras que xurdan da comunidade universitaria co fin de fomentar o espírito emprendedor” e “impulsar habilidades e competencias emprendedoras a través da formación que axuden á empregabilidade”, está prevista a realización de prácticas académicas por parte do estudantado en empresas de recente creación orixinadas na Universidade no seno dos seus propios programas.

As prácticas ofertadas deben ter un carácter formativo e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, así como na normativa interna da Universidade de Vigo.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade*,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, bolsas para a realización de prácticas académicas en iniciativas empresariais emerxentes promovidas por membros da comunidade universitaria e persoas tituladas pola UVigo, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día

CSV : GEN-5e60-fcf5-f4e3-aacf-b23b-8239-a9ae-2d9e

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 23/05/2024 10:19 | NOTAS : F



seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



CSV : GEN-5e60-fcf5-f4e3-aacf-b23b-8239-a9ae-2d9e

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pi/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 23/05/2024 10:19 | NOTAS : F



ANEXO I

Bases que regulan o “Programa de prácticas académicas en iniciativas empresariales emerxentes promovidas pola Comunidade Universitaria e persoas tituladas pola UVigo” no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) Proxecto C23.I05, BDNS 757441

1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é fomentar a cultura emprendedora no estudantado universitario a través da realización de prácticas académicas, curriculares ou extracurriculares, nunha iniciativa empresarial promovida por estudantes, PDI, PAS ou membros da Comunidade Alumni-UVigo. A través da súa participación no programa, o estudantado será quen de formarse nunha contorna dinámica, creativa e áxil, e aprenderán a solucionar problemas e a importancia de adaptarse nunha contorna cambiante.

Convócase 14 axudas, 1 por cada rama de coñecemento e campus da Universidade de Vigo.

Unha vez asignadas as bolsas, de resultar vacantes nalgúnha das ramas de coñecemento/campus, estas asignaranse as outras ramas de coñecemento/campus.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar a bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

1. Estar matriculado nunha das titulacións oficiais de **grao ou mestrado universitario** da Universidade de Vigo.
2. No caso dos estudos de grao, ter superados o **50% dos créditos**. O último día de presentación das solicitudes será o que se teña en conta aos efectos de determinar a superación destes créditos.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*.

3. CARACTERÍSTICAS DAS PRÁCTICAS

1. As persoas beneficiarias (estudiantado) estarán baixo a titoría das persoas da Universidade e da empresa que se designen no momento de formalización da práctica, que se responsabilizan da formación impartida, do desempeño da actividade de colaboración e da orientación no desenvolvemento da axuda.

O contido do plan formativo das prácticas externas será o que, de común acordo entre os titores académicos e de empresa, se estableza para cada beneficiario/a e deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades a desenvolver, considerando as competencias básicas, xenéricas e/ou específicas que debe adquirir o/a estudante durante o período de prácticas.

En todo caso, as prácticas estarán suxeitas ao establecido na normativa de prácticas da

CSV : GEN-5e60-fcf5-f4e3-aacf-b23b-8239-a9ae-2d9e

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pi/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 23/05/2024 10:19 | NOTAS : F



Universidade.

2. Requisitos das iniciativas empresarias: As iniciativas empresariais receptoras do alumnado deberán de cumprir os seguintes requisitos:
 - a. A persoa fundadora ten que ser un membro da comunidade UVIGO (estudante, PDI, PAS) ou da Comunidade Alumni-Uvigo.
 - b. Ter un máximo de cinco años de vida dende a alta como autónomo ou da constitución da sociedade, entendéndose como esta a data de inscrición no Rexistro Mercantil, Rexistro de Cooperativas ou orde específica.
 - c. Non xurdir dunha operación de fusión, escisión ou transformación de empresas que non teñan consideración de empresas emerxentes.
 - d. Non distribuír nin distribuír dividendos, ou retornos no caso de cooperativas.
 - e. Non cotizar nun mercado regulado.
 - f. Ter entre 2 e 20 de persoal contratado. Nas cooperativas computaranse dentro do persoal, aos efectos da citada porcentaxe, os socios cuxa relación sexa de natureza societaria.
 - g. Ter a súa sede social, domicilio social ou establecemento permanente en España.

4. INCOMPATIBILIDADES

A bolsa é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou subsidio por desemprego.

Tamén será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria convocada por calquera entidade pública ou privada para o mesmo período.

5. DURACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS

O período de prácticas do programa terá unha duración de 2 meses, e poderán desenvolverse entre o 15 de xullo e o 30 de setembro de 2024.

O estudantado que finaliza estudos, poderá optar a bolsa, sempre e cando o comezo das prácticas sexa dentro do curso académico.

A dedicación será de 25 horas semanais, das que, cando sexa necesario poderán desenvolverse con carácter non presencial un máximo do 30% da dedicación semanal.

O desfrute da bolsa suporá a aceptación do previsto no *Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participan en programas de formación.*

As persoas bolseiras non adquiren ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo. A bolsa non supón ningún compromiso de cara á posterior incorporación do bolseiro ou bolseira aos cadros de persoal da universidade.



6. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

Este programa está financiado pola Unión Europea a través dos fondos NextGenerationEU. Os fondos destinados a estas bolsas irán con cargo a aplicación orzamentaria 2024 0000 121DMRR 482.99 cun importe orzamentario máximo de 17.081,68 € (16.800 € pola dotación bruta e 281,68 € en concepto de cota patronal) para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

A contía individual será de 600€/mes. Estará suxeita á retención do IRPF e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza na normativa vixente nestas materias.

O pagamento realizarase por meses vencidos mediante transferencia á conta bancaria que sinala o/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular. No caso de que non chegara a completarse o período da bolsa só se aboará a contía proporcional de bolsa correspondente ao período realizado, sempre e cando este sexa superior a 15 días; en caso contrario non se percibirá axuda algunha.

Se a actividade desenvolta pola persoa bolseira en cada mes non se corresponde coas condicións fixadas nesta convocatoria, e co fin de adecuar o pago á actividade real realizada nese mes, a persoa titora deberá emitir un informe no cal constará a actividade realizada e achegaráo á Sección de Axudas e Bolsas antes do día 25 do mes en curso. No caso de non ter realizado ningunha das horas de dedicación nunha semana deberá notificalo inmediatamente á Sección de Axudas e Bolsas.

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN POR PARTE DO ESTUDANTADO

O estudantado que solicite a bolsa deberá empregar o formulario en liña no seguinte enlace da Secretaría virtual da Universidade de Vigo https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso2/13572 **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede. No **asunto** indicará “Prácticas en empresas emerxentes” e achegará unicamente o formulario coa solicitude.

No formulario, a persoa solicitante poderá propor a iniciativa empresarial que cumpra os requisitos indicados na base 3 onde quere facer as prácticas, indicando os datos da iniciativa e as datas previstas da estadía. No caso de que non propoña unha entidade, asignarase unha das iniciativas acorde co seu perfil que cumpra os requisitos e manifesten o seu interese por adherirse ao programa pola canle indicada na base 8 desta convocatoria.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (*art. 66.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitaráselle que a presente de xeito electrónico.

O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte de publicarse esta convocatoria e remata o 10 de xuño ás 23:59 horas (hora peninsular española).

Xunto coa solicitude deberán subir, de acordo cos modelos anexos IV.B da Orde



HFP/1030/2021, e IV.C) :

- unha declaración responsable relativa ao cumprimento dos principios transversais (relativos ao dano significativo ao medio ambiente, conflitos de intereses, entre outros), establecidos no PRTR y que puideran afectar ao ámbito obxecto de xestión (ANEXO IV.B)
- así como consentimento ás cesións de datos entre administracións públicas (ANEXO IV.C)

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que sexa necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados.

O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

8. MANIFESTO DE INTERESE DE ADHESIÓN AO PROGRAMA POR PARTE DAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS

Aquelas entidades que desexen participar neste programa de bolsas como entidades receptoras do estudiantado poderán manifestar o seu interese cubrindo o formulario en liña dispoñible no seguinte enlace da Secretaría virtual da Universidade: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/12635

O prazo de presentación dos manifestos de interese de adhesión ao programa por parte das entidades colaboradoras remata o 10 de xuño ás 23:59 horas (hora peninsular española).

9. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o formulario de alegacións na secretaria virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de selección de acordo coa

- nota media, no caso de estudos de grao ou continuación de mestrado universitario de máis de 60 créditos, e
- nota de acceso para o estudiantado que inicia estudos de mestrado universitario.
- Unha vez asignadas as bolsas, de resultar vacantes nalgúnha das ramas de coñecemento/campus, estas asignaranse as outras ramas de coñecemento/campus dacordo coa nota media dos estudantes.



A comisión de selección está composta por:

Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Vogais:

- Maruxa Álvarez Jiménez, Directora da Área de Emprego e Emprendemento
- Reyes Fernández González, técnica superior da Unidade de Emprego e Emprendemento que realizará as labores propias da Secretaría.
- Magdalena Domínguez Álvarez, xefa de área de bolsas da Universidade de Vigo

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algúnha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Tendo en conta o obxecto da convocatoria, no caso de que o número de persoas admitidas sexa inferior ao de bolsas convocadas aplicarase o procedemento abreviado establecido no artigo 22 da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, polo que a Sección de Axudas e Bolsas formulará directamente a proposta de concesión á vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade sen necesidade de que interveña a comisión de selección.

Unha vez efectuada a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará **a listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada** coa mención da causa de denegación, e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o formulario de alegacións na secretaría virtual.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida, a empresa onde realizar as prácticas e a súa contía, con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta



do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previsto no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

10. ACEPTACIÓN E RENUNCIA DAS BOLSAS

O estudantado con bolsa concedida deberá entregar a través da sede electrónica (e enviar copia a bolsasformacion@uvigo.es) no prazo de tres días desde a publicación da resolución definitiva a seguinte documentación para os efectos do alta na Seguridade Social:

- Modelo TA2 (Seguridade Social)
- Modelo 145 (IRPF)

A non presentación da documentación necesaria entenderase como renuncia á bolsa previa resolución.

A persoa bolseira presentarse na entidade colaboradora no lugar, día e hora que lle indique a Área de Emprego e Emprendemento mediante comunicación ao enderezo electrónico indicado na solicitude.

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na Secretaría Virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas e o titor/a, cun mínimo de 15 días de antelación á data en que se fará efectiva a renuncia. A renuncia dará lugar á perda dos dereitos económicos correspondentes á parte da bolsa non realizada e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda previa resolución. As renuncias aceptadas darán lugar á concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda.

11. OBRIGAS

Son obrigas das persoas bolseiras:

- Contemplar, no desenvolvemento da práctica ás obrigas recollidas en relación aos estudantes en prácticas no Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, así como as que se establecen neste mesmo sentido no Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo.
- Cumprir o contidos das prácticas seguindo as indicacións da persoa titora asignada pola entidade participante baixo a supervisión da persoa da universidade que exerza como titora académica. Así mesmo deberán manter contacto coa titora académica e comunicarlle calquera incidencia que exista durante o desenvolvemento da práctica.



- c) Incorporarse a entidade na data acordada, cumprindo o horario previsto no proxecto educativo e respectando as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais da mesma.
- d) Presentar na Sección de Axudas e Bolsas, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa, unha copia da memoria final das actividades realizadas durante todo o período da bolsa. Esta memoria debe estar informada favorablemente pola persoa titora.
- e) Cumprir as obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sobre o financiamento comunitario das medidas incluídas no PRPR.
- f) Cumprir as obrigas en materia de conservación da documentación contempladas no artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sobre o financiamento comunitario das medidas incluídas no PRPR.

Ademais a persoa beneficiaria debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

12. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO AO COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e de perda do dereito ao cobro destas bolsas:

1. Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
2. Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
3. Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida

13. COORDINACIÓN DO PROGRAMA

A Área de Emprego e Emprendemento é a responsable da coordinación e supervisión do programa. As persoas participantes poderán dirixir á emprego@uvigo.es as consultas e dúbidas que xurdan ao longo da vixencia do programa así como asesoramento para a busca de entidade na que realizar as prácticas.

14. NORMATIVA APLICABLE

- Regulamento (UE) 2020/2094, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19
- Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)
- Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España (aprobado o 16/06/2021 por Decisión do Consello de Europa)
- Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR



- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico y Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.
- Lei 31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos xenerais do Estado para o ano 2023, Disposición adicional centésima décima segunda.
- Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento de desenvolvemento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

15. MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E CORRECCIÓN DO FRAUDE, CORRUPCIÓN E CONFLITOS DE INTERESE

No desenvolvemento deste procedemento é de aplicación o establecido no Plan de medidas antifraude da Universidade de Vigo aprobado por Resolución Reitoral de 10 de febreiro de 2022.

16. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puidesen impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo do requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente vulgare que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.



17. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)



CSV : GEN-5e60-fcf5-f4e3-aacf-b23b-8239-a9ae-2d9e

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 23/05/2024 10:19 | NOTAS : F

ANEXO IV.B

Declaración de cesión e tratamento de datos

Don/Doña, DNI, solicitante dunha bolsa para o “Programa de prácticas académicas en iniciativas empresariais emerxentes promovidas pola Comunidade Universitaria e a Comunidade Alumni-Uvigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)” e domicilio en.....

declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «solicitar, a efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas de datos seguintes:

- i. O nome do perceptor final dos fondos;
- ii. o nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adjudicador de conformidade co Dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
- iii. os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo defínese no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
- iv. unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de devanditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».


2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión aos efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

....., de de 202....

Fdo.

CSV : GEN-5e60-fcf5-f4e3-aacf-b23b-8239-a9ae-2d9e
 DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>
FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 23/05/2024 10:19 | NOTAS : F



ANEXO IV.C

Modelo declaración de compromiso en relación con la ejecución de actuaciones del plan de recuperación, transformación y resiliencia (PRTR)

Don/Doña, DNI, solicitante dunha bolsa para o “Programa de prácticas académicas en iniciativas empresariais emerxentes promovidas pola Comunidade Universitaria e Comunidade Alumni-Uvigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)” e domicilio en manifesta o compromiso da persoa/entidade que representa cos #estándar máis exixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para prever e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do non significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco de devandito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

Así mesmo, manifesta que é coñecedor do financiamento da bolsa con cargo aos fondos do “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGeneration EU” e comprométese a efectuar as obrigacións establecidas en materia de información, comunicación e publicidade recollidas na normativa reguladora.

..... de de 202.....

Fdo.

Código seguro de Verificación : GEN-5e60-fcf5-f4e3-aacf-b23b-8239-a9ae-2d9e | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

CSV : GEN-5e60-fcf5-f4e3-aacf-b23b-8239-a9ae-2d9e
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 23/05/2024 10:19 | NOTAS : F